26 de abril **DIA INTERNACIONAL DA VISIBILIDADE LÉSBICA**

O 26 de abril, como cada ano dende o 2008, conmemórase o Día Internacional da Visibilidade Lésbica en varios países para reclamar a igualdade de dereitos e oportunidades para as persoas lesbianas.

Continúa a haber certas culturas onde as crenzas, os estigmas e prexuízos cara este colectivo seguen existindo e, por esta razón, moitas mulleres teñen que vivir condenadas a esta dobre discriminación, primeiro polo seu xénero e segundo pola súa orientación sexual.

Aínda que nos últimos anos, diferentes países europeos rexistraron avances en cuestión de leis, seguen a ser moitas as vítimas da lesbofobia. Diferentes estudos amosan que:

- moitas mulleres lesbianas prefiren non "saír do armario" no seu posto de traballo por medo a sufrir represalias.
- moitas mulleres que rebelan a súa orientación sexual no traballo aseguran ter tido desvantaxes por iso.
- unha de cada 10 mulleres lesbianas deixou o seu emprego por problemas derivados da súa orientación sexual.

Por esta razón, hoxe máis que nunca, é fundamental que a educación afectivo-sexual se imparta de xeito xeralizado para educar en diversidade e combater o acoso e a violencia cara este colectivo.

Dende a Asemblea de Mulleres do STEG e a Organización de Mulleres da Confederación Intersindical, unha vez máis, esiximos leis que non dean pasos atrás para acadar unha sociedade máis libre, xusta e igualitaria.